

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 08.10.2020

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 1780 (11/POC-000288)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre as razóns da demora do Goberno galego na elaboración do proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra e a dragaxe do río Lérez, así como as súas previsións referidas á súa dotación orzamentaria para o ano 2021 e mais a súa axilización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020
- 1.2 2202 (11/POC-000354)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 5 máis
Sobre as prioridades trasladadas polo Goberno galego en materia de augas para acadar financiamento europeo con cargo ao programa operativo Feder 2021/2027 e ao programa de reconstrución Next Generation EU
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020
- 1.3 2236 (11/POC-000360)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a distribución dos fondos do Plan Hurbe en colaboración coas entidades locais e a elección dos concellos para o asinamento dos convenios para o financiamento de obras en materia de urbanismo, así como as súas previsións respecto da realización de convocatorias públicas para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 807 (11/PNC-000052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 4 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a supresión da liña de autobús que une Mesía e Vila de Cruces coa Coruña,



coñecida como "O Mesía"

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020

- 2.2 2338 (11/PNC-000234)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presenta a estrada LU-741, ao seu paso polo concello da Pontenova, no tramo comprendido entre A Pontenova e A Fonsagrada e que enlaza coa LU-P-1904
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

María Elena Candia López
Presidenta da Comisión

María
Elena
Candia
López

Firmado digitalmente por
María Elena Candia López
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=María Elena Candia
López,
email=elena.candia.lopez
@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.09.30
17:27:24 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 30/09/2020 17:27:24



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Elena Candia López

P

Vicepresidente

Ramón Carballo Páez

P

Secretario

Paulo Ríos Santomé

BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Paloma Castro Rey

S

María Sol Díaz Mouteira

P

Alexandra Fernández Gómez

BNG

Martín Fernández Prado

P

Rubén Lorenzo Gómez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

Daniel Vega Pérez

P

Borja Vereá Fraiz

P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 08.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 08.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 1780(11/POC-000288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na elaboración do proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra e a dragaxe do río Lérez, así como as súas previsións referidas á súa dotación orzamentaria para o ano 2021 e mais a súa axilización

Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2020 17:47:28
Nº Rexistro: 1780
Data envío: 11/09/2020 17:47:28.622

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou no ano 2011 a tramitación dun proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra, e o dragado do río Lérez, nun treito de 4-5 quilómetros entre o club naval e os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 9 anos de tramitación, este proxecto converteuse máis nunha promesa electoral do señor Feijóo cada 4 anos, que nunha realidade.

Este abandono da nosa ría, está a provocar graves consecuencias para o sector do mar xa que impide a rexeneración e a recuperación dos bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente ao sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos. Así como tamén a navegación deportiva e a actividade do Náutico debido a colmatación na desembocadura e na canle de navegación do río e do porto deportivo.

A pesar deste prexuízo para a cidade de Pontevedra, e de ser prometido en numerosas ocasións polo presidente da Xunta de Galicia, tras 11 anos de espera, os fondos mariños do noso río seguen a acumular sedimentos ata o punto de poder case cruzalo a pé, cando está a marea baixa.

Mentres Portos de Galicia segue a xustificar este retraso na complexidade da tramitación administrativa.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como xustifica a Xunta de Galicia un retraso de 11 anos na elaboración, aprobación e execución dun proxecto ?
2. Vai incluír a Xunta de Galicia esta actuación no río Lérez, no orzamento do ano 2021?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTROCOMIUD9wS8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2020 17:47:28
Nº Rexistro: 1780
Data envío: 11/09/2020 17:47:28.622

3. Vai a axilizar a aprobación do proxecto para compensar estes anos de retraso?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/09/2020 17:44:59

Pablo Arangüena Fernández na data 11/09/2020 17:45:09

Patricia Otero Rodríguez na data 11/09/2020 17:45:23

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/09/2020 17:45:33



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 08.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2202(11/POC-000354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 5 máis

Sobre as prioridades trasladadas polo Goberno galego en materia de augas para acadar financiamento europeo con cargo ao programa operativo Feder 2021/2027 e ao programa de reconstrución Next Generation EU

Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Elena Cándia López, Ramón Carballo Páez, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereá Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicos**.

Responsables do Goberno galego mantiveron recentemente encontros de traballo con representantes da Comisión Europea. Nunha das xuntanzas celebradas participaron, concretamente por parte da Xunta, representantes da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e, por parte da Comisión Europea, a directora de Calidade de Vida da Dirección Xeral de Medio Ambiente, Verónica Manfredi. Segundo se fixo público, foi un encontro no que se avaliou a posibilidade de desenvolver proxectos susceptibles de ser cofinanciadas cos fondos do programa operativo Feder 21/27 e do programa de reconstrución Next Generation UE, creado a consecuencia da covid-19.

As iniciativas encamiñadas a lograr unha xestión máis sostible e eficiente do ciclo da auga no novo contexto climático son algúns dos proxectos trasladados polo Goberno galego para beneficiarse destes fondos europeos, por estar en liña cos programas de crecemento verde da Comisión Europea.

Afondar en plans que permitan garantir o abastecemento de auga á poboación, incluso en momentos de seca, minimizando as fugas, por exemplo, e mellorar a eficiencia dos sistemas de saneamento, eliminando as infiltracións que impiden o óptimo funcionamento das depuradoras, son algunhas das liñas de actuación-presentadas polo Goberno galego para aspirar ao financiamento europeo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en **Comisión**:

Que prioridades ten trasladado o Goberno galego en materia de augas de cara a acadar financiamento europeo a cargo do programa operativo Feder 21/27 e do programa de reconstrución Next Generation UE?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2202
Data envío: 18/09/2020 14:30:38.629

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 18/09/2020 14:19:11

María Elena Candia López na data 18/09/2020 14:19:27

Ramón Carballo Páez na data 18/09/2020 14:19:43

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 18/09/2020 14:20:17

María Sol Díaz Mouteira na data 18/09/2020 14:20:29

Daniel Vega Pérez na data 18/09/2020 14:20:52

Borja Verea Fraiz na data 18/09/2020 14:21:18



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 08.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 2236(11/POC-000360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a distribución dos fondos do Plan Hurbe en colaboración coas entidades locais e a elección dos concellos para o asinamento dos convenios para o financiamento de obras en materia de urbanismo, así como as súas previsións respecto da realización de convocatorias públicas para ese fin

Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 13:03:20
Nº Rexistro: 2236
Data envío: 21/09/2020 13:03:20.405

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo información dispoñíbel na web da Xunta de Galicia (Rexistro de Convenios), a Consellaría de Medio Ambiente asinou no presente ano 2020 diversos convenios con concellos para financiar obras en materia de urbanismo. Desde o mes de xaneiro de 2019 ate o mes de xuño de 2020 constan neste rexistro 75 convenios para este tipos de obras, encadradas no chamado plan hUrbe, concretamente na liña de “Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”.

Nos textos dos convenios figura unha explicación tipo para a sinatura dos mesmos mais non se explica por que se acode a esta figura e non a un procedemento aberto e transparente, no que as entidades locais poidan concorrer para obter financiamento para este tipo de obras.

Na relación de convenios asinados danse unha serie de coincidencias que non poden ser froito da casualidade ou do azar. Mais ben poñen de relevo un *modus operandi* que se caracteriza pola falta de transparencia e polo uso partidista das institucións.

CSM-REXISTROXERAL-PC09V00
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 13:03:20
Nº Rexistro: 2236
Data envío: 21/09/2020 13:03:20.405

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que criterios segue a Xunta de Galiza para reparto de fondos do Plan hUrbe en colaboración con concellos?

Que criterios segue para a escolla dos concellos beneficiarios dos convenios que se asinan?

Parécelle que a fórmula dos convenios é acorde co criterio de transparencia e igualdade para as entidades locais?

Ten previsto a Xunta de Galiza facer convocatorias públicas ás que poidan concorrer os posibles concellos beneficiarios?

Que medidas prevé desenvolver o goberno para poñer fin ao reparto partidista dos fondos públicos?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO3XpC69v00
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 13:03:20
Nº Rexistro: 2236
Data envío: 21/09/2020 13:03:20.405

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2020 13:00:17

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2020 13:00:20

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2020 13:00:30

CSV REGISTRO XERAL
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 08.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 08.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 807(11/PNC-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 4 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a supresión da liña de autobús que une Mesía e Vila de Cruces coa Coruña, coñecida como "O Mesía"

Publicación da iniciativa, 11, 04.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 12:57:03
Nº Rexistro: 807
Data envío: 26/08/2020 12:57:03.024

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, e dos deputados Xosé Luis Rivas Cruz e Paulo Ríos Santomé, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 60 do pasado século XX, a liña de autobús que une Mesía e Vila de Cruces coa Coruña, coñecida popularmente como “O Mesía”, vertebrou a vida diaria de diferentes parroquias e lugares dalgúns dos concellos da comarca das Mariñas e da Coruña.

Malia seguir a ser esta na actualidade un importante nexo de unión da veciñanza destas comarcas coa cidade da Coruña, e garantía de mobilidade sostíbel no interior, no Bloque Nacionalista Galego vimos de confirmar a cancelación desta liña de autobuses e, polo tanto, a anulación dun servizo de comunicación en transporte colectivo por estrada fundamental que afecta negativamente a un amplo territorio que comprende concellos como: Vila de Cruces, Arzúa, Boimorto e Mesía.

A respecto da comarca das Mariñas e da Coruña, falamos de concellos como Carral (no lugar das Travesas quedan sen ningún tipo de comunicación coa cidade herculina) e todo o sur do concello de Abegondo (seriamente afectadas parroquias como Vizoño, Montouto, Figueiroa e Sarandós) sen posibilidade de desprazarse en transporte público á Coruña, Cambre e Culleredo.

CSM-REXISTROOCLRFZCA9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csw/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 26/08/2020 12:57:03

Nº Rexistro: 807

Data envío: 26/08/2020 12:57:03.024

Asemade, a afectación no concello de Carral e de Abegondo transcende o tránsito das usuarias locais habituais, pois nesta parte do percorrido están as localidades das Travesas (concello de Carral) e San Bartolomeu (no concello de Abegondo) por onde transcorre o Camiño inglés, ao igual que acontece na parroquia de Sarandós (Abegondo), o que reduce as facilidades de desllocamento para a conexión coa cidade da Coruña, tamén desde a perspectiva do servizo turístico e cultural.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a que tome as medidas necesarias que eviten a supresión anunciada da liña de autobús coñecida popularmente coma “O Mesía” asegurando a súa continuidade para fortalecer uns medios de comunicación públicos e colectivos que cubran a demanda social e ambiental que o noso país precisa, nomeadamente para a sostibilidade da vida no medio rural.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 12:57:03
Nº Rexistro: 807
Data envío: 26/08/2020 12:57:03.024

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2020 12:50:35

Iria Carreira Pazos na data 26/08/2020 12:50:38

Paulo Ríos Santomé na data 26/08/2020 12:50:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/08/2020 12:50:54

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2020 12:51:07

Mercedes Queixas Zas na data 26/08/2020 12:51:16

CSX: REXISTROQRZFZCAJ9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 08.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 2338(11/PNC-000234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presenta a estrada LU-741, ao seu paso polo concello da Pontenova, no tramo comprendido entre A Pontenova e A Fonsagrada e que enlaza coa LU-P-1904

Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Apoiar ao rural precisa de investimentos que permitan desenvolver a súa economía e que permitan tamén fixar poboación, e neste caso o arranxo dos 5 Km da LU-741, de competencia autonómica, no termo municipal da Pontenova que une a Pontenova coa Fonsagrada sería un impulso importante para as empresas que radican na zona, máis necesario agora se cabe pola crise producida pola covid-19, e ademais melloraría a seguridade da estrada.

Apostar polo rural é tamén apostar por unhas boas vías de comunicación, e neste caso este tramo da LU-741, que enlaza coa LU-P-1904, presenta serias deficiencias para circular polo dito tramo. Este treito presenta unha grave deterioración no firme, unha situación que empeorou nos últimos anos. Na zona hai varias empresas con moita actividade diaria, e a mala situación desta estrada, prexudica, polo tanto, a economía do concello da Pontenova.

Realizar os arranxos necesarios nesta estrada amosaría un compromiso real cos veciños e veciñas da Pontenova por parte da Xunta de Galicia. Compromiso si demostrado pola Deputación Provincial de Lugo, que no ano 2018, fixo os arranxos necesarios na estrada LU-P-1904 que une a Pontenova coa Fonsagrada, obras consistentes en asfaltado da estrada, ampliación e limpeza de cunetas, ademais da instalación de novas sinais para melloral a seguridade nese tramo.

É urxente que se arranxen eses 5 Km da estrada autonómica LU-741 no termo municipal da Pontenova porque ademais de ser perigoso para os usuarios desta estrada prexudica a actividade diaria das empresas asentadas na zona.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a arranxar de forma urxente os 5 Km da LU-741, no concello da Pontenova, que une a Pontenova coa Fonsagrada, e que enlaza coa LU-P-1904, de maneira que sexa segura para as persoas usuarias e permita que se desenvolva con normalidade a actividade diaria das empresas existentes na zona.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2020 18:20:09
Nº Rexistro: 2338
Data envío: 22/09/2020 18:20:09.416

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2020 16:22:19

Paloma Castro Rey na data 22/09/2020 16:22:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2020 16:22:46

CSXV REGISTROVVBR&xcq4
Verificar
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

